

Noticia da "Suma y Narración de los Incas" de Juan de Betanzos, publicada, pola primeira volta na súa integridade, 436 anos despois de ser escrita (1551-1987)

XOSÉ M^a MONTERROSO DEVESA*

436 ANOS DEPOIS...


Con certo atraso damos conta dunha importantísima publicazon que tivo lugar hai cinco anos, "en conmemoración del V centenario del descubrimiento de América" (1). Mais, como vemos é novidade no *Anuario* e afecta a Betanzos a través de unha súa progénie, aí vai ela.

Trata-se da primeira edizón íntegra, 436 anos despois de escrita, da *Suma y narración de los incas* de Juan de Betanzos, a cargo da profesora da Universidade Complutense, Dra. M^a Carmen Martín Rubio, quen transcreve fielmente, excepto no tocante à ortografía, que se actualiza, aquel códice de 1551, dedicado polo autor a Antonio de Mendoza, (segundo) virrei do Peru.

Ao *Prólogo* da profesora Martín, à que logo nos referiremos, seguen tres traballos: *Juan Díez de Betanzos y el Cuzco* (por Horacio Villanueva Urteaga, director do *Archivo Histórico del Cuzco*) (2), *La prospección incanista de Juan de Betanzos*, etc. (por Demetrio Ramos, da *Real Academia de la Historia*) e *La genealogía incaica de Betanzos*, etc. (da própria Dra. Martín).

A OBRA

Como o *Prólogo* é o que explicita as circunstancias do manuscrito e as súas vicisitudes,



des, extractamo-las a continuazon.

É esta *Suma* unha das primeiras crónicas indigenistas da América, entendendo por isto aquelas que tratan dos sucesos da época desde a perspectiva dos indígenas ou, cando menos, tomando-os como protagonistas, e iso a pesar de estar concebidas, como a presente (no Cusco, capital dos incas) por español (se ben entroncado familiarmente con incas). A

* Xosé-M^a Monterroso Devesa é un escritor, afeizoado, entre outros, a temas históricos da súa Coruña natal, así como lingüísticos, onomásticos e xenealóxicos.

(1) Juan de Betanzos, *Suma y narración de los incas*. Prólogo, transcripción y notas por M^a del Carmen Martín Rubio (Dra. en Historia de América, Universidad Complutense, Madrid). Ediciones Atlas, Madrid, 1987, XCIV + 321 páginas.

(2) Respeitamos a ortografía do texto, sabendo que, por eses anos o nome da cidade peruana pasou a grafarse oficialmente Cusco.

obra está estruturada en dúas partes, de 48 e 34 capítulos, ao longo de 306 páxinas escritas nunha linguaxe, mestiza de español e quechua, mui semellante, seique, à empregada hoje naquela region.

O manuscrito-base procede da biblioteca do duque de Medinaceli, adquirido na década de 80 pola fundazon Bartolomé March, de Palma de Mallorca. Até agora, as sucesivas edizions (3) fixeran-se en base ao manuscrito da biblioteca de El Escorial, datado en 1574 e incompleto, por comprender unicamente os 17 primeiros capítulos e parte do 18, manuscrito re-descoberto, a fins do XIX, depois de un sono de 250 anos, por Lord Kimsborough.

O AUTOR

É M.C. Martín a que pon na mesa o problema da natureza do autor. Cita a Murguía, que, baseando-se no apelido, o dava como galego, para opor-lle a tese vallisoletana, tomando como base dous documentos do sevillano *Archivo General de Indias*.

En absoluto queda, para nós, simples leitores profanos, demostrada tal tese, pois se ben nun deses documentos (o fundamental), certo personage se refere a "un Juan de Betanzos de Valladolid, escribano que /1539/ ha dieciséis años /1523/ que vino dejando en Valladolid mujer e hijos...", ainda tratando-se do noso cronista (segundo teima en probar a estudosa complutense), *non prova que fose natural e si apenas viziño da capital castellana*. Ora, mesmo sendo Betanzos nativo de Valladolid, tiña por forza que ser de progénie betanceira, sendo o seu un caso típico de apelido toponímico, mais logicamente derivável da Cidade dos Cavaleiros que do outro Betanzos-casal pertencente hoje à parroquia de Bravos, municipio de Oural, provincia de Lugo, que non sabemos se já existia no XVI (en cujo su-

posto caia na jurisdiczon de Viveiro, antiga provincia de Mondoñedo, nadiña longe do seu límite coa antiga provincia de Betanzos... e enton mui provavelmente referido o topónimo lugués a dita provincia por quen sabe que razons) (4).

En definitiva, non descartando nós de todo a vallisolitanidade de Juan de Betanzos, tamén non pode descartar a profesora Martín a sua betanceiridade ou simples galeguidade atribuída por Murguía, mesmo que fose ancestral e non persoal.

Seja como for, Betanzos casa no Cusco, onde era cotizado intérprete (lengua) da língua quechua, en primeiras núpcias, coa rica princesa (ñusta) inca Cuxirimay Ocllo (meia-irmá do inca Atahualpa, ex-muller, ilegítima, de Francisco Pizarro, a quen deu dous fillos), quen se baptizou como Angelina Yupanqui; e, en segundas núpcias, coa española Catalina de Velasco, con descendência de ambas. E no Cusco morre en 1576. Sendo de sospeitar que o topónimo Betanzos da nazon peruana (5) proveña deste persoero, como homenage republicano à sua augural obra historiográfica.

APENAS UN PAR DE OBSERVACIONES MAIS:

1. Atenzon à similitude entre o *Díez* de Betanzos que lle apon no seu traballo prologal o estudoso peruano Villanueva (5), e o *Díaz* de Betanzos que o noso genealogista Seijas (5) cita para, dando notícia do apelido, dizer que "el primero /dos Andrades/ que lo utilizó /o Betanzos/ fue Gonzalo Díaz de Betanzos".

2. Decidan os filólogos se son galeguismos ou se arcaísmos castellanos vários vocábulos que, naquel caso, vencendo tantos anos de ofício de escribano en Valladolid e de *lenguaraz* no Peru, sobrenadan no texto da *Suma* de Juan de Betanzos. ♦

(3) 1880 (Madrid, Jiménez de la Espada), 1924 (Lima) e 1968 (Lima).

(4) Ver o noso *Betanzos no mundo*, Anuario Brigantino, 1982.

(5) Se cadra, a estas alturas (pasáron cinco anos desde a publicazon de referéncia), já o Dr. Villanueva nos teña esclarecido definitivamente a orixe nacional de Juan de Betanzos, nesa "seria biografía /.../ basada en documentación inédita del Cuzco" que aquí Demetrio Ramos anuncia de inminente aparizon.